



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XI legislatura  
Número 103  
26 de febreiro de 2021



CSV: BOPGDSPGK6I7NwZiC4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 10802 (11/MOC-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contagios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8569, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021) [41682](#)

##### I 10901 (11/MOC-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Moción consecuencia da Interpelación nº 6176, publicada no BOPG nº 63, do 16.12.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021) [41682](#)

##### I 10913 (11/MOC-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7888, publicada no BOPG nº 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021) [41682](#)

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### I 10320 (11/PNP-001026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar [41682](#)



## Aprobación por unanimidade sen modificacións

### I 4762 (11/PNP-000541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol

[41683](#)

## Rexeitamento da iniciativa

### I 7861 (11/PNP-000822)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do fondo Covid da Unión Europea para a reactivación -*Next Generation*-

[41683](#)

### I 9767 (11/PNP-000977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia

[41685](#)

### I 9993 (11/PNP-000996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

[41685](#)

### I 10078 (11/PNP-001007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9

[41685](#)

## 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

## COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

## Aprobación con modificacións

### I 9558 (11/PNC-000989)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar, de xeito coordinado coas universidades galegas, a oferta formativa do Sistema universitario de Galicia

[41685](#)



## Rexeitamento das iniciativas

### I 3145 (11/PNC-000354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o inicio por parte da Xunta de Galicia do procedemento para a declaración como ben de interese cultural do castro Lupario, localizado no concello de Rois, e do conxunto patrimonial da súa contorna

[41686](#)

### I 10079 (11/PNC-001041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Castro García, Daniel

Sobre o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia

[41686](#)

## COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

## Aprobación por unanimidade sen modificacións

### I 5084 (11/PNC-000604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa necesidade de ampliar o centro de saúde de Cedeira

[41687](#)

### I 8641 (11/PNC-000910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que coordine unha mesa de traballo interinstitucional co fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros

[41687](#)

### I 10002 (11/PNC-001030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das garantías de atención sanitaria ás persoas xordas a través da dotación de servizos de interpretación de lingua de signos por parte do Sergas

[41687](#)

### I 10327 (11/PNC-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento das unidades de mama

[41688](#)

## Rexeitamento da iniciativa

### I 8505 (11/PNC-000896)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



**Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes e/ou con discapacidade ao cargo de familias monoparentais no caso de positivos ou corentena pola covid-19 [41688](#)

**1.4. Procedementos de información****1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia**

Acordo do Pleno do Parlamento, do 11 de febreiro de 2021, en relación coas propostas de resolución presentadas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia [41688](#)

**1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento****1.6.9. Consello Galego de Universidades****COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

Acordo do 25 de febreiro de 2021, da Comisión 4ª, Educación e Cultura, polo que se designa un membro do Consello Galego de Universidades [41691](#)

**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.7. Composición das ponencias****COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA CRISE DA COVID-19**

Designación da Ponencia [41691](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 23 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.5. Mocións**

##### **1.3.5.4. Mocións tramitadas**

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 10802 (11/MOC-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8569, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)

BOPG nº 96, do 17.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 10901 (11/MOC-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento local. (Moción consecuencia da Interpelación nº 6176, publicada no BOPG nº 63, do 16.12.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)

BOPG nº 96, do 17.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 10913 (11/MOC-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a xestión da crise sanitaria provocada pola pandemia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7888, publicada no BOPG nº 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2021)

BOPG nº 96, do 17.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.



### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 10320 (11/PNP-001026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación que están a padecer as mulleres no ámbito laboral e familiar. BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorpore a perspectiva de xénero.
2. Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do diálogo social, a aprobación de novas medidas que incentiven a corresponsabilidade e a conciliación, a través de plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas sexan desvoltas tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación.
3. Procurar a paridade en todos aqueles centros de xestión da pandemia nos que se toman decisións.
4. Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do diálogo social, a implantación de plans de igualdade nas empresas, as cales deberán dispoñer dun rexistro retributivo de todo o persoal, podendo así analizar e corrixir potenciais desigualdades salariais existentes nas súas organizacións.
5. Realizar un plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable, así como horarios máis racionais.
6. Nos traballos actuais de avaliación do I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, aplicar indicadores do impacto da covid-19 no ano 2020, antes de rematar o actual período de sesións, e do resultado da dita avaliación, modificar as medidas que sexan necesarias para o último tramo de vixencia do plan actual, así como aquelas que se inclúan no novo plan.
7. Realizar un estudo, en colaboración coas universidades galegas, que analice a repartición do traballo doméstico, tanto no coidado de menores e persoas dependentes, como de tarefas domésticas



no fogar, para determinar as súas necesidades específicas e, de resultar preciso, definir novas actuacións ao respecto.

8. Ter en conta, na elaboración das medidas, a denominada "interseccionalidade", en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e as minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. A aprobación da Lei de igualdade salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentres non estea aprobada, a que se incremente e dote de recursos suficientes a inspección laboral, co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.

2. A modificación e actualización da Lei de conciliación e corresponsabilidade de 1999, onde se teña en conta a nova realidade demográfica e a racionalización horaria e se favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 4762 (11/PNP-000541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central da encarga da construción dun buque de acción marítima para a Armada española nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol  
BOPG nº 44, do 11.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir do Goberno do Estado que encargue aos estaleiros de Navantia en Ferrol a construción dun BAM (buque de acción marítima) para a Armada Española, que permita dotar de carga de traballo inmediata a ría de Ferrol, tanto para o cadro de persoal principal como para a industria auxiliar.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 7861 (11/PNP-000822)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repartición do fondo Covid da Unión Europea para a reactivación -*Next Generation*-  
BOPG nº 79, do 20.01.2021





Sométese a votación e resulta rexeitada por 18 votos a favor, 55 en contra e ningunha abstención.

- 9767 (11/PNP-000977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de choque destinado a rebaixar a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia

BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 9993 (11/PNP-000996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre o impacto da pandemia na diagnose e tratamento do cancro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 10078 (11/PNP-001007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coas bonificacións de peaxes e a transferencia da AP-9

BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 14 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas**

#### **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 25 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación con modificacións**

- 9558 (11/PNC-000989)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e catorce deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar, de xeito coordinado coas universidades galegas, a oferta formativa do Sistema universitario de Galicia.

BOPG n. 88, do 03.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de xeito coordinado coas universidades galegas, mellore a oferta formativa do Sistema Universitario de Galicia (SUG) co obxectivo de poder dar resposta ás novas necesidades da sociedade e do mercado laboral, para o que afrontará o desenvolvemento e a implantación de novas titulacións fundamentadas en criterios como o axuste á especialización do campus; o carácter interuniversitario, internacional ou dual; incorporación de metodoloxías educativas innovadoras; orientación práctica e aplicada dos estudos; e a existencia de recursos materiais e humanos necesarios para a impartir a carreira.

En todo caso, os criterios para a determinación do novo mapa de titulacións do SUG deberán ser consensuados coas propias universidades, asegurando no próximo Plan galego de financiamento universitario os recursos suficientes para o seu óptimo desenvolvemento.»

### **Rexeitamento das iniciativas**

- 3145 (11/PNC-000354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o inicio por parte da Xunta de Galicia do procedemento para a declaración como ben de interese cultural do castro Lupario, localizado no concello de Rois, e do conxunto patrimonial da súa contorna

BOPG nº 30, do 14.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 10079 (11/PNC-001041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Castro García, Daniel

Sobre o plan de ensino virtual da Xunta de Galicia na terceira onda da pandemia

BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



**COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 25 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 5084 (11/PNC-000604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa necesidade de ampliar o centro de saúde de Cedeira

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a manter os compromisos da Consellería de Sanidade coa cidadanía de Cedeira, reuníndose co Goberno local da dita localidade para facer realidade a necesidade de ampliación do centro de saúde desta localidade.»

- 8641 (11/PNC-000910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que coordine unha mesa de traballo interinstitucional co fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros

BOPG nº 82, do 26.01.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que coordine unha mesa de traballo interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros.»

- 10002 (11/PNC-001030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia das garantías de atención sanitaria ás persoas xordas a través da dotación de servizos de interpretación de lingua de signos por parte do Sergas

BOPG nº 91, do 10.02.2021



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta a asegurar a comunicación das persoas xordas no acceso á sanidade pública galega demandando da Consellería de Sanidade o compromiso de creación dunha bolsa de intérpretes á disposición do colectivo de persoas xordas as 24 horas do día.»

- 10327 (11/PNC-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento das unidades de mama

BOPG nº 96, do 17.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que regule o funcionamento das Unidades de Mama, para homoxeneizalas en todas as áreas sanitarias galegas e que sirva de referencia para a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías, comezando polas relacionadas co solo pélvico.»

## **Rexeitamento da iniciativa**

- 8505 (11/PNC-000896)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes e/ou con discapacidade ao cargo de familias monoparentais no caso de positivos ou co-rentena pola covid-19

BOPG nº 82, do 26.01.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## **1.4. Procedementos de información**

### **1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia**

#### **Acordo do Pleno do Parlamento, do 11 de febreiro de 2021, en relación coas propostas de resolución presentadas á primeira revisión do Plan forestal de Galicia**

O Pleno do Parlamento, na sesión do 23 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:



## Aprobación das propostas de resolución no Pleno

- 8904 (11/PEP-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Primeira revisión do Plan forestal de Galicia

BOPG nº 84, do 28.01.2021

### — Resolución número 1

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a incorporar ao Plan forestal de Galicia 2021-2040, “Cara á neutralidade carbónica”, os documentos de planificación, de carácter estratéxico, para as principais producións forestais do monte galego, en particular:

-Da produción de castaña (medidas I.1.3, II.2.3, III.1.1 e IV.1.2).

-Da produción de cogomelos (medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).

-Da produción madeireira (medidas I.1.1., I.1.2, I.1.3, I.2.2, I.3.1, II.2.3, III.1.1, II.1.2, III.2.1, IV.2.1, IV.2.2, IV.2.3, IV.2.4, IV.3.1, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).

-Da produción da cortiza e resina (Medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).

-Outras producións (mel, froitos, plantas aromáticas e medicinais...) (medidas I.1.5, V.1.1, V.2.1, VI.2.2).

De xeito tal que determine as producións, en superficie, cantidade e características, que o monte galego debe subministrar para situalo nunha posición estratéxica nos mercados nacionais e internacionais, abordando tamén a transformación dos seus produtos. En particular, o plan estratéxico para a produción industrial da madeira deberá desagregar as necesidades para as principais formacións arboradas de Galicia.

Estes instrumentos de planificación deben ser froito do consenso da cadea monte-industria galega, ter un horizonte temporal amplo e estar sometidos a un seguimento continuado que propicie, de ser necesario, as pertinentes revisións.»

*Aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.*

### — Resolución número 2

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a ser máis ambiciosos nos obxectivos e medidas en materia de información e estatística forestal no Plan forestal de Galicia 2021-2040. Neste senso, tentaranse incorporar actuacións na planificación estatística da Comunidade Autónoma para estudar a caracterización económica e sociodemográfica do monte galego que permitan describir as explotacións forestais, os seus titulares e a cadea forestal da madeira e doutros recursos forestais. Esta liña de actuación exixirá dun traballo coordinado entre os diferentes organismos e departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia.»



*Aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.*

— Resolución número 3

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que estea desenvolto, antes de que remate o ano 2022, o Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG), declarado como unha medida fundamental (medida V.1.1) dentro do Plan forestal de Galicia 2021-2040. Debe estar baseado no coñecemento académico e científico das escolas forestais universitarias de Galicia, e os datos que se vaian obtendo do dito inventario deberán ser difundidos dun xeito continuado e público.»

*Aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.*

— Resolución número 4

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reservar os importes provenientes dos orzamentos anuais da Xunta de Galicia, dispostos no Plan forestal de Galicia 2021-2040, que aseguren o necesario apoio orzamentario para a execución dos plans, programas e medidas recollidos no dito documento.»

*Aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.*

— Resolución número 5

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer un plan de seguimento continuado que avalíe o grao de execución dos plans, programas e medidas declarados no Plan forestal de Galicia 2021-2040, en particular:

-O Plan forestal de Galicia deberá ser actualizado ao final de cada un dos períodos de aplicación (cada cinco anos).

-En adición, existirá unha avaliación interna do grao de desenvolvemento do Plan, de carácter bianual, como referencia para analizar o seu nivel de cumprimento. Os resultados que se obteñan detallaranse nun informe de avaliación que será presentado ao Consello Forestal de Galicia e ante esta Cámara parlamentaria.

-As consellarías da Xunta de Galicia responsables na execución das diferentes iniciativas, programas e liñas de acción da revisión do PFG deberán informar anualmente ao Consello Forestal sobre os resultados da execución do orzamento público.

-A consellaría con competencias en materia forestal deberá dispor dun acceso público, a través do seu portal web, a un panel de control que monitorice, analice e amose de maneira visual os indicadores quinquenais de seguimento, coas súas métricas e datos fundamentais para facer un seguimento do estado de execución (%) e da súa consecución.»

*Aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.*



— Resolución número 6

«O Parlamento de Galicia acorda a aprobación desta primeira revisión que se lle fai ao actual Plan forestal de Galicia, denominada Plan forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”.»

*Aprobada por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.*

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## **1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento**

### **1.6.9. Consello Galego de Universidades**

#### **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

#### **Acordo do 25 de febreiro de 2021, da Comisión 4ª, Educación e Cultura, polo que se designa un membro do Consello Galego de Universidades**

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do día 25 de febreiro de 2021, acordou designar a Begoña Barreiro Fernández como membro do Consello Galego de Universidades (11/ECGU-000001; 5838).

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021  
María Montserrat Prado Cores  
Vicepresidenta 2ª

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.7. Composición das ponencias**

#### **COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA CRISE DA COVID-19**

#### **Designación da Ponencia**

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, na súa sesión do día 25 de febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Designación da Ponencia

- 1848 (11/SCNP-000005)  
G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 11721):  
Pedro Puy Fraga (titular)



José Alberto Pazos Couñago (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm.11689):

Olalla Rodil Fernández (titular)

Noa Presas Bergantiños (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 11722):

Paloma Castro Rey (titular)

Pablo Arangüena Fernández (suplente)

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª





# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

